
REGULAMENTO DE LICENZAS

TITULO I.- Obxecto do presente regulamento

Art. 1.-Obxecto

1.- Segundo establecido no art. 27 da Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, para participar nas competición oficiais federadas será preciso estar en posesión da correspondente licenza federativa.

2.-No artigo 28 do Capítulo VIII da lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, modifícase a letra h do número 1 do artigo 5 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia que queda como segue: "Aprobar os estatutos das entidades deportivas, así como os regulamento electorais, os regulamentos de licenzas e os regulamentos relativas ao funcionamento interno das federacións deportivas."

3.- Para participar nas competicións oficiais da Federación Galega de Ximnasia, a partires de agora FGX, será necesario estar en posesión da correspondente licenza federativa, de acordo coas condicións de expedición que se establezan nas disposición de desenvolvemento da Lei do Deporte de Galicia, do presente regulamento e da Normativa Anual de Licenzas.

4.-Esta norma estará en vigor desde a tempada 2025 inclusive, en tanto non sexa modificada ou derogada por outra posterior

Artigo 2.- Natureza, efectos e finalidade das licenzas

1. A licenza federativa é o documento de carácter persoal e intransferible que outorga aos seus titulares a condición de membros rexistrados da FGX a través dos distintos estamentos.
2. A obtención da licenza federativa comportará para o seu titular a aplicación dos seguintes dereitos e deberes previstos nos Estatutos federativos para os membros dos correspondentes estamentos:
 - Dereitos
 - a.- Recibir a tutela da mesma con respecto ós seus intereses deportivos comúns e individuais.
 - b.-Participar nas súas actividades.
 - c.- Participar na elección e funcionamento dos seus órganos, de acordo cos presentes estatutos e cos regulamentos internos.

d.-Recorrer ante os órganos federativos, Administración Deportiva Autonómica e/ou Tribunais de Xustiza aquelas decisións federativas que considere contrarias a Lei e/ou aos Estatutos e Regulamentos federativos.

- Deberes

a.-Compartir as finalidades da Federación e colaborar para a consecución das mesmas.

b.-Pagar as cotas, derramas e outras apartacións que, de acordo aos Estatutos, poidan corresponderlle.

c.-Cumprir o resto de obrigas que resulten das disposicións estatutarias.

d.-Acatar os acordos dos seus órganos, sen que isto obste ó seu dereito de recorrer, ante as instancias federativas competentes e, no seu caso, ante os Tribunais de Xustiza ou Administración Deportiva Galega, segundo proceda, aqueles que considere contrarios a Dereito, e sen prexuízo de acudir a conciliación extraxudicial ou arbitrase nos térmonos previstos nas Leis.

3. Para a participación en actividades ou competicións oficiais da FGX precísase estar en posesión de licenza federativa expedida por ela

4. Así mesmo, as licenzas expedidas por a FGX, habilitarán aos seus titulares para participar en competicións oficiais de ámbito territorial superior nos casos e condicións que estableza a correspondente normativa da Federación Española de Gimnasia

Artigo 3.- Clases de licenzas polo seu obxecto

Na FGX existiran as seguintes licenzas en función do seu obxecto

a.-Competitivas

Aquelas que habilitan a participar en todas e cada unha das actividades oficiais ou oficializadas da FGX, RFEG ou calquera outra CCAA

b.-Recreativas:

Habilitan a realizar os adestramentos no seu club de pertenza e, no seu caso, naquelas actividades organizadas por a FGX, se procedese.

Artigo 4.- Clases de licenzas por estamentos.

1.- As licenzas federativas poderán corresponder aos seguintes estamentos:

- Entidades deportivas.
- Deportistas.
- Adestradores-técnicos.
- Xuíces-árbitros.

Art. 5.-A FGX, autorizada para iso, deberá expedir licenza homologada dentro do prazo dos 15 días seguintes á súa solicitude, unha vez verificada a súa correcta tramitación, así como o cumprimento do resto de requisitos establecidos nos Estatutos e Regulamentos da F.G.X. para a súa expedición.

Art. 6.- A FGX non poderá denegar a concesión de licenzas cando se tramitaron oportunamente e cumpriran os requisitos establecidos para a súa expedición. A negativa inxustificada poderá comportar a correspondente responsabilidade disciplinaria.

Art. 7.-A expedición e contido das licenzas conleva a subscrición dun seguro derivado de accidente deportivo, dito seguro será subscrito por a FGX, en condición de tomador, sen o titular da licenza o asegurado, que garanta a cobertura dos seguintes riscos:

1. Indemnización por perdas anatómicas, funcionais ou de falecemento.
2. Asistencia sanitaria.

Art. 8.-Poderán expedirse licenzas competitivas e recreativas ou calquera outro tipo, aprobadas regulamentariamente.

Art. 9.-No documento da licenza, ademais doutros que se reflectirán nos tipos de licenzas, consignarase claramente:

1. Logos da FGX e da Xunta de Galicia
2. Taxa correspondente a RFEG, se procedese.
3. Taxa correspondente a FGX .
4. Importe aboado por o seguro.

TÍTULO II.-AFILIACIÓN DE ENTIDADES DEPORTIVAS.

Art. 10.- Existirán tres tipos de licenzas de Entidades Deportivas:

1. Clubs en Competición Nacional
2. Clubs con participación en Competición Autonómica.
3. Escolas.

Art. 11.- Clubs en Competición Nacional. Para ser membro de Federación os clubs deberán cumprir as seguintes características:

1. Que teñan o domicilio social en Galicia.
2. Que estean inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.
3. Que teñan como obxecto a práctica do deporte da ximnasia nalguna das súas modalidades.
4. Que teñan asociado, polo menos, un Técnico de III Nivel ou un Técnico Nacional.
5. Realizar a inscrición segundo as normas e documentación emanada da Normativa de Licenzas Anual.

Art. 12.- Clubs con participación en Competición Autonómica. Para ser membro de Federación os clubs deberán cumprir as seguintes características:

1. Que teñan o domicilio social en Galicia.
2. Que estean inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.
3. Que teñan como obxecto a práctica do deporte da ximnasia nalguna das súas modalidades.
4. Que teñan asociado, polo menos, un Técnico de I Nivel ou un Técnico Autonómico.
5. Realizar a inscrición segundo as normas e documentación emanadas da Normativa de Licenzas Anual

Art. 13.- Escolas

1. Que teñan como obxecto a práctica do deporte da ximnasia nalguna das súas modalidades.

2. Que teñan asociado, polo menos, un Técnico de I Nivel ou un Técnico Autónomo.
3. Realizar a inscrición segundo as normas e documentación emanadas da Normativa de Licenzas Anual.

Art. 14.- A veracidade e concorrencia dos datos e requisitos esixidos para a inscrición de Entidades Deportivas pola FGX e os seus órganos dependentes, de conformidade co establecido na lexislación vixente, será responsabilidade exclusiva da X.D. que interveña na tramitación da licenza. Para ese efecto, a FGX poñerá a máxima dilixencia en comprobar a veracidade e concorrencia dos datos que figuren na mesma.

Art. 15.- As taxas das Entidades Deportivas virán marcadas por a Normativa anual seguindo estes criterios:

1. Clubs en competición nacional, aboarán unicamente as cotas fixadas por a RFEG para tal fin
2. Clubs en competición autonómica e Escolas, cota cero

TITULO III : LICENZAS PERSOAS FÍSICAS

Art. 16.- As licenzas de persoa físicas clasificaranse en:

1. Ximnastas
2. Técnicos/as
3. Xuíces/zas
4. Outros

Art. 17.- Licenzas de Ximnastas.

- a. Competitivas
 1. Licenzas homologadas competición nacional (A)
 2. Licenzas homologadas competición autonómica (B)
 3. Licenzas escolares (C)
- b. Recreativas
 1. Licenzas Baby (D)
 2. Licenzas derradeiro cuatrimestre.
 - a. B3ºCTE

b. C3ºCTE

c. D3ºCTE

Art.18.- Poderán subscribir licenza como ximnasta aquelas persoas que cumpran as seguintes características:

1. Ter a nacionalidade española ou de calquera país da Unión Europea.
2. No caso de estranxeiros, non pertencentes a Unión Europa, residir legalmente en España.
3. No caso de estranxeiros menores de idade, sen prexuízo do cumprimento dos requisitos que en cada momento poida establecer a Federación Internacional de Ximnasia, para a protección de menores, para obter licenza bastará coa acreditación de empadroamento en calquera municipio do estado.

Art.19.-Estas licenzas terán vixencia por ano natural dende a data na que se emiten ata 31 de decembro e, a pertenza, será do club solicitante.

Art.20.- Non obstante poderá cambiarse de club durante o ano de vixencia nos seguintes casos.

1. Por baixa do club
2. Por acordo de ambos clubs, posuidor e demandante.
3. Con escrito dirixido ao club posuidor da licenza por parte do pai/nai, titor/a legal do ximnasta (menores de idade) ou por o interesado (maiores de idade) sempre que se dean estas circunstancias:
 - Non ter competición prevista a dous meses vista
 - Aboar a parte correspondente da licenza ao club posuidor da mesma
4. En ámbalas dúas situacións deberán de asinarse dous documentos, documento de cesión, por parte do club posuidor dos dereitos da licenza, e documento de aceptación por parte do demandante dos mesmos.

Art.21.-Os datos que aparecerán no cartón da licenza de ximnasta, ademais dos que figuran no art. 11 do presente regulamento serán:

1. Nº de Licenza
2. Temporada
3. Nome e Apelidos
4. Nº do D.N.I.
5. Data de Nacemento
6. Estamento
7. Club de pertenza

8. Modalidade

9. Compañía Seguro, nº póliza e tlfno. att emerxencias

Art.22.- Licenzas de técnicos

Serán considerados técnicos os/as seguintes:

1. Adestradores/as deportivos/as de todas e cada unha das modalidades ximnásticas recoñecidas
2. Preparadores/as físicos/as
3. Coreógrafos/as.
4. Tratándose de adestradores-técnicos cuxa actividade implique contacto habitual con menores de idade, deberán acreditar non ser condenados por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, mediante certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais que deberá achegarse á Federación Galega de Ximnasia xunto coa súa solicitude de licenza

Art. 23.- Para optar a unha licenza de técnico deberá de cumprirse o seguinte:

1. Ter a nacionalidade española ou de calquera país da Unión Europea.
2. No caso de estranxeiros non pertencentes a Unión Europea, residir legalmente en España.
3. Dispor do título axeitado que acredite esa circunstancia e que fose emitido por calquera administración, pública ou privada, recoñecida legalmente, tal como se establece na Orde ECD 3310/2002 de 16 de decembro, que regula as ensinanza do chamado período transitorio.

Art. 24.- Dous serán os tipos de licenzas recoñecidas:

1. Homologada Nacional (válida para campionatos autonómicos e nacionais)
2. Homologada Autonómico (válida só para campionatos autonómicos)

Art.25.-Os datos que aparecerán no cartón da licenza de técnico, ademais dos que figuran no art. 11 do presente regulamento serán:

1. Nº de Licenza, Tipo
2. Temporada
3. Nome e Apelidos
4. Nº do D.N.I.

5. Data de Nacemento
6. Estamento
7. Club de pertenza
8. Modalidade
9. Compañía Seguro, nº póliza e tfno. att emerxencias

Art.26.-Licenzas de Xuíz/a.

Art. 27.- Para optar a unha licenza de xuíz/a deberá de cumprirse o seguinte:

1. Ter a nacionalidade española ou de calquera país da Unión Europea.
2. No caso de estranxeiros non pertencentes a Unión Europa, residir legalmente en España.
3. Dispor do título que o/a acredite como tal, emitido por a RFEG e/ou a FGX.

Art. 28.- Dous serán os tipos de licenzas recoñecidas:

1. Homologada Nacional (válida para campionatos autonómicos e nacionais)
2. Homologada Autonómico (válida só para campionatos autonómicos)

Art. 29.- Os datos que aparecerán no cartón da licenza de xuíz/a, ademais dos que figuran no art. 11 do presente regulamento serán:

1. Nº de Licenza, tipo
2. Temporada
3. Nome e Apelidos
4. Nº do D.N.I.
5. Data de Nacemento
6. Estamento
7. Modalidade
8. Compañía Seguro, nº póliza e tfno. Att emerxencias

Art. 30.-Todos/as os/as xuíces deberán de ter va condición de independentes.

Art. 31.-As persoas físicas poderán obter licenza por un ou varios estamentos e/ou varias especialidades sempre que cumpran os requisitos establecidos en cada un de eles.

Art. 32.- Importe das licenzas

1. importe das licenzas será o fixado para cada tempada pola Asemblea Xeral da FGX para cada estamento ou categoría, segundo se recolle no anexo I a este regulamento.
2. No suposto de que calquera importe fose anulado por acto administrativo ou resolución xudicial, entenderase aplicable o anterior importe en vigor para o devandito tipo de licenza

Art. 33.- Dereitos:

1. Recibir información e tutela da federación con respecto aos seus intereses comúns e individuais
2. Participar nas súas actividades.
3. Participar na elección e/ou xestión dos seus órganos de representación de acordo cos estatutos federativos e os distintos regulamentos.
4. Recorrer aos distintos Órganos Federativos, da propia Administración Autonómica ou dos Tribunais de Xustiza naquelas decisións da propia Federación que se consideren contrarias a lei, aos Estatutos e Regulamentos Federativos.

Art. 34.- Deberes

1. Compartir as finalidades da Federación e colaborar para a consecución das mesmas
2. Pagar as cotas e outras aportacións económicas que, de acordo aos Estatutos, Regulamentos e outros, lle corresponden.
3. Cumprir coas outras obrigas estatutarias e/ou regulamentarias.
4. Acatar e levar a cabos os acordos dos seus órganos, sen que isto obste o seu dereito a recorrelas anta as Instancias Federativas, Administración Deportiva ou aos Tribunais de Xustiza, segundo proceda, se as considerasen arbitrarias, contrarias ao dereito, sen prexuízo de acudir a conciliación extraxudicial ou de arbitrase non termos previstos na Lei

TITULO IV.- TRAMITACIÓN, EXPEDICIÓN, DENEGACIÓN DE LICENZAS.

Art. 35.-A Función de expedición de licenzas

1. A FGX na súa condición de entidade que exerce a función pública delegada de expedición de licenzas, de carácter administrativo, é competente en réxime de exclusividade para expedir e tramitar licenzas federativas de

ximnasia, en todas as súas modalidades recoñecidas nos seus estatutos, na Comunidade Autónoma de Galicia, baixo a tutela da Administración deportiva autonómica.

2. A FGX exercerá a función de expedición de licenzas federativas de forma directa, sen que esta poida ser obxecto de delegación ou exercicio de substitución sen a autorización da Administración deportiva autonómica.
3. A expedición de licenzas federativas ten carácter regrado, non podendo denegarse a licenza a canta persoa solicitante reúna as condicións necesarias para a súa obtención.
4. A FGX informará a calquera persoa interesada sobre os requisitos necesarios para a obtención dos seus distintos tipos de licenzas.

Art. 36.- Tramitación e emisión de licenzas

1. As solicitudes de licenza deberán ser obrigatoriamente formuladas polo club ao que se vincule, agás as de xuíces/zas que por normativa deberán ser independentes, través dos modelos específicos establecidos pola Federación Galega de achegando os documentos preceptivos indicados nos devanditos modelos para cada tipo de solicitude, que serán de acceso libre a través da páxina web da federación.
2. O prazo de solicitude de licenzas para cada tempada iníciase o 1 de xaneiro ata o 20 de decembro
3. Todas as solicitudes de licenzas presentadas deberán selo obrigatoriamente por medios electrónicos.
4. As solicitudes de licenzas para menores de idade deberán ser subscritas polos proxenitores, titores ou institución que exerzan a súa representación legal.
5. A tramitación das solicitudes compételle ao persoal laboral federativo.
6. Calquera solicitude que adoecece da falta dalgún requisito emendable, dará lugar ao requirimento ao interesado para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Se o interesado non emendase os defectos advertidos no referido prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.
Este requirimento faise de xeito automático a través da plataforma de licenzas
7. A resolución sobre concesión ou denegación de licenzas compételle o/a Secretario/a técnico/a.

8. As licenzas deberán ser emitidas e postas ao dispor do solicitante ou, no seu caso, denegadas motivadamente, no prazo máximo de quince días. a contar desde o seguinte á entrada na Federación da solicitude debidamente formalizada.
9. O cómputo do prazo referido no apartado anterior suspenderase polo tempo que medie, no seu caso, entre o requirimento de corrección de defectos e o seu efectivo cumprimento polo interesado.
10. Calquera solicitude de licenza entenderase outorgada por silencio positivo, se non se notifica resolución expresa no prazo máximo indicado no apartado oitavo do presente artigo.
11. Contra a denegación expresa da licenza solicitada ou contra a denegación da entrega do documento xustificativo da obtención de licenza por silencio positivo, caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nos termos da súa propia normativa.

Art. 37.- Anulación de licenzas

- 1.- Serán causa de anulación das licenzas concedidas:
 - a) A falsidade nos datos facilitados para a súa obtención.
 - b) Incorrer en duplicidade de licenza, vinculándose a máis dun club, nese caso será anulada a licenza máis recente.
 - c) No caso de licenzas outorgadas por silencio positivo, e sempre que a Federación estime que non se reúne algúns dos requisitos esenciais para obtela, antes de resolver sobre a súa anulación outorgaráselle á persoa licenciada un prazo de 30 días para dar cumprimento ao requisito que non reunía.
- 2.- O procedemento de anulación de licenzas poderá iniciarse de oficio ou por denuncia e na súa tramitación, que lle compete a ao/á Secretario/a Técnico/a da Federación deberá garantirse a audiencia da persoa interesada por un período de dez (10) días hábiles.
- 3.- A resolución anulando ou mantendo a validez da licenza compételle ao/á Secretario/a Técnico/a e fronte á mesma caberá recurso ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, nos termos da súa propia normativa.

Art. 38.- Non validación e/ou denegación dunha licenza

Unha licenza poderá ser non validada ou denegada por:

- a) Non poderá expedirse licenza a favor de quen estea cumprindo calquera sanción disciplinaria ou penal que corrixe a privación de licenza, ou inhabilitación para o desempeño das actividades que permita a licenza solicitada, así como aos sancionados por dopaxe en virtude do disposto pola súa lexislación específica. Os sancionados con suspensión de licenza poderán renovar ou obter nova licenza en calquera momento, sen prexuízo de non poder desenvolver as actividades en cuestión ata o total cumprimento da sanción correspondente.

TITULO V.- DA PROTECCIÓN E CESIÓN DE DATOS.

Art. 39.- En cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos proporcionados por os solicitantes de licenza, persoas físicas ou entidades deportivas serán incorporados e tratados en diversos ficheiros dos que é titular a Federación Galega de Ximnasia.

En particular, estarase ao disposto no artigo 28.5 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia

A finalidade da recollida de datos é a de rexistrar as licenzas deportivas conforme as competencias da FGX

Estes datos serán cedidos a terceiros no ámbito de homologar licenzas nacionais, no ámbito de competicións deportivas, para cumprir os fins que se deriven do exercicio das obrigas e funcións da FGX.

Ademais, no caso de ximnastas, os seus datos identifícatevos quedarán visibles na WEB da federación co fin de mostrar resultados. O interesado poderá exercer o seu dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición na sede da federación R/ Carlos Maside s/n 32002 Ourense

Art. 40.- A integración na FGX a través da subscripción da licenza federativa das persoas físicas implica a aceptación e libre asunción por a súa parte dos seguintes efectos:

1. Consentimento para que na relación de inscricións, orde de actuación e publicación de resultados aparezan publicados os datos referidos a Nome e Apelidos.
2. Autorización para a comunicación dos seus datos persoais a RFEG para a emisión da licenza homologada nacional, inscricións e desenvolvemento de campionatos.
3. Consentimento para que os seus datos, datos marcados pola normativa aplicada, aparezan nos censos electorais da FGX.
4. Acatar do Regulamento Antidopaxe da FIG, RFEG e demais administración publica relacionadas co mesmo.
5. Autorización e consentimento no caso de que algún deportista sexa sancionado coa prohibición de competir a FGX publique na súa WEB. a efectos de que sexa coñecido por as demais FFAA. e RFEG
6. A cesión da súa imaxe, en competición, para que estas poidan ser aparecer en retransmisións, na WEB, nas redes sociais da propia federación, nos termos que se fixen no impreso de cesión que publique cada ano e haberá que axuntar á solicitude da licenza.

TITULO VI.- PERDA DA CONDICIÓ DE AFILIADO

Art. 41.- Entidades Deportivas. As Entidades Deportivas perderán a condicións de afiliados por os seguintes motivos:

1. A petición propia
2. Por non renovación da licenza
3. Por a desaparición da especialidade deportiva na que está afiliado.
4. Por sanción disciplinaria unha vez rematados todos os recursos previstos legalmente.
5. Por ser baixa no Rexistro de entidades Deportivas das Xunta de Galicia.

Art. 42.- Persoas físicas. As Persoas Físicas perderán a condicións de afiliados por os seguintes motivos:

1. A petición propia
2. Por non renovación da licenza
3. Por a desaparición da especialidade deportiva na que está afiliado. Se esta fose por parte da Entidade Deportiva, o/a afiliado/a pasará a condición de

independente podendo ser inscrito, de novo, noutra entidade se así ambos o estiman oportuno.

4. Por sanción disciplinaria, unha vez rematados todos os recursos previstos legalmente.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor a partir da súa aprobación pola Administración deportiva autonómica, tal e como se establece na Instrución do 10 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, para a remisión dos regulamentos de licenzas das federacións deportivas galegas (DOG núm. 33, do 18 de febreiro de 2021). O regulamento entenderase aprobado, se no prazo de tres (3) meses a Administración non notificase a correspondente resolución de aprobación.

ANEXO I

TIPO E PREZOS LICENZAS

	TIPO LICENZA	PREZO	SEGURO
LICENZAS COMPETITIVAS			
HOMOLOGA- DAS NACIO- NAIS	TIPO A: Homologadas nacionais	115	SEGURO FE- DERATIVO ALLIANZ
	TIPO A: Fora de prazo con recargo rfeg	140	
	TIPO A: Segunda licenza	85	
	TIPO A: Segunda licenza fóra de prazo recargo rfeg	110	
	LICENZA DE CLUBS, canon rfeg	120	
	LICENZA TIPO B: Competición autonó- mica	65	SEGURO FE- DERATIVO
	LICENZA TIPO C: Seguro Xogade	30	SEGURO XUNTA
RECREATIVAS			
	TIPO D: (Anual)	30	SEGURO FE- DERATIVO
	TIPO B 3º CUADRIMESTRE	18	
	TIPO D 3º CUADRIMESTRE	5	
	TIPO C 3º CUADRIMESTRE	12	SEGURO XUNTA

Esta táboa de prezos esta vixente, unicamente, para a resente tempada 2025, podendo ser modificada para a vindeira e/ou vindeiras, despois de ser aprobada por a Asemblea Xeral da RFEG e da FGX

ANEXO II
MODELOS DE FORMATOS LICENZAS FEDERATIVAS
MODELO LICENZAS TIPO A

 	FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA RFEG-187 NOME APELLIDOS NIF: D.Nac: Estamento: Club: Modalidade: Trampolín Precio: 115.00 Mutua: 36.00 RFEG: 50.00 FGX: 29.00	Temp : 2025 COMPETITIVA SEGURO ALLIANZ Nº Póliza 053191263 - Tít. att. : 91 334 32 93
FOTO		

MODELO LICENZAS TIPO B

 	FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA Licenza: B-22 NOME APELLIDOS NIF: D.Nac: Estamento: XIMNASTA Club: Modalidade: Ximnasia Rítmica Precio: 65.00 Mutua: 36.00 FGX: 29.00	Temp : 2025 COMPETITIVA SEGURO ALLIANZ Nº Póliza 053191263 - Tít. att. : 91 334 32 93
FOTO		

MODELO LICENZAS TIPO C

  FOTO	FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA		SEGURO XUNTA 6-16 Nº Póliza 20222120319109 - Att: https://partesxogade.es
	Licenza: C-7	Temp : 2025	
	NOME	COMPETITIVA	
	APELIDOS		
	NIF:	D.Nac:	
	Estamento: XIMNASTA		
	Club:		
	Modalidade: Ximnasia Rítmica		
	Precio: 30.00 FGX: 30.00 Seguro: Xogade - S.X. Deporte		

LICENZAS RECREATIVAS

  FOTO	FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA		SEGURO ALLIANZ Nº Póliza 053191263 - Tlf. att. : 91 334 32 93
	Licenza: D-25	Temp : 2025	
	NOME	RECREATIVA	
	APELIDO		
	NIF:	D.Nac:	
	Estamento: XIMNASTA		
	Club:		
	Modalidade: Ximnasia Rítmica		
	Precio: 30.00 Mutua: 21.00 FGX: 9.00		

		FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA	
 XUNTA DE GALICIA		Licenza: B3 ^o CTE.-230	
DEPORTE GALEGO		Temp : 2025	
		RECREATIVA	
		NOME	
		APELIDOS	
		NIF:	D.Nac:
		Estamento: XIMNASTA	
		Club:	
		Modalidade: Ximnasia Rítmica	
		Precio:	Mutua: FGX:
FOTO			

Nº Póliza 053191263 - Tlf. att. : 91 334 32 93

SEGURO ALLIANZ

		FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA	
Licenza: C3°CTE.-233		Temp : 2025	
 XUNTA DE GALICIA		RECREATIVA	
 DEPORTE GALEGO			
FOTO	NOME		
	APELIDOS		
	NIF:	D.Nac:	
	Estamento: XIMNASTA		
	Club:		
	Modalidade: Ximnasia Rítmica		
	Precio:	Mutua:	FGX:

  FOTO	FEDERACIÓN GALEGA DE XIMNASIA		
	Licenza: D3°CTE.-230		Temp : 2025
			RECREATIVA
	NOME		
	APELLIDOS		
	NIF:	D.Nac:	
	Estamento: XIMNASTA		
	Club:		
	Modalidade: Ximnasia Rítmica		
	Precio:	Mutua:	FGX:

SEGURO ALLIANZ
Nº Póliza 053191263 - Tlf. att. : 91.394.32.93